

Denominacións do *umbilicus rupestris* no territorio galegófono: unha aproximación a partir dos datos do ALGa (II)*

About some denominations for the umbilicus rupestris in the Galician-speaking territory: an analysis based on data from the ALGa (II)

Rocío DOURADO FERNÁNDEZ

Universidad del País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV-EHU)

rocio.dourado@gmail.com

[recibido 29/02/2012, aceptado 13/04/2012]

RESUMO

Neste traballo reunimos varias das formas rexistradas no ALGa para denominar a planta coñecida na nomenclatura científica como *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy*. A partir dun repertorio de máis de cincuenta ítems, elaboramos unha proposta de agrupación baseada en criterios motivacionais e, en menor medida, etimolóxicos. Así mesmo, procuramos contextualizar sempre os datos obtidos dentro do ámbito románico, onde detectamos pautas similares ás que fomos capaces de identificar para o territorio galegófono.

PALABRAS CHAVE: dialectoloxía, etimoloxía, lingüística histórica.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2013): “Denominacións do *umbilicus rupestris* no territorio galegófono: unha aproximación a partir dos datos do ALGa (II)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 23-30.

RESUMEN

En este traballo reunimos varias de las formas registradas en el ALGa para denominar la planta conocida en la nomenclatura científica como *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy*. A partir de un repertorio de máis de cincuenta ítems, elaboramos una propuesta de agrupación basada en criterios motivacionales y, en menor medida, etimolóxicos. Asimismo, procuramos contextualizar siempre los datos obtenidos dentro del ámbito románico, donde detectamos pautas similares a las que hemos sido capaces de identificar para el territorio gallegófono.

PALABRAS CLAVE: dialectología, etimología, lingüística histórica.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2013): “Denominaciones del *umbilicus rupestris* en el territorio gallegófono: una aproximación a partir de los datos do ALGa (II)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 23-30.

ABSTRACT

In this work we compiled several of the forms registered in the ALGa (Atlas Lingüístico Galego) to designate the plant which scientific name is *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy*. From an index of more than fifty items, we elaborate proposal of grouping based on motivational and, to a lesser extent, etymological criteria. Likewise, we have always tried to contextualize the information obtained inside the Romanic area, where we have detected guidelines similar to those one we have been able to identify in the Galician-speaking territory.

KEY WORDS: dialectology, etymology, historical linguistics.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2013): “About some denominations for the *umbilicus rupestris* in the Galician-speaking territory: an analysis based on data from the ALGa (II)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 23-30.

SUMARIO: 3. Outras denominacións tiradas do ALGa. 3.1. Capêlo / capèlo, capelexos, capuruchos, pucho, pucho do sapo / gorro de sapo / sombreiro do sapo e capiroches. 3.2. Campanillas, chinchís, croque(s), cróquel do valado, cróqueles, tintilotes. 3.3. Arroz, caracois / caracoles, caramelo, chicaro, chuletas / costilletas. 3.4. Porquiño, punto, xilo. 4. Cabo. 5. Referencias bibliográficas.

* Este artigo consta de dúas partes. Neste número publícase a segunda; a primeira apareceu no número 15 (2012: 35-44) desta revista.

3. OUTRAS DENOMINACIÓNS TIRADAS DO ALGa¹

3.1. CAPÊLO / CAPÈLO, CAPELEXOS, CAPURUCHOS, PUCHO, PUCHO DO SAPO / GORRO DE SAPO / SOMBREIRO DO SAPO E CARIPOCHES

Todas estas formas presentan, como pode verse no mapa 4, unha segunda motivación restrinxida á zona setentrional do país (Trasancos, Ortegal e a Mariña Occidental) e á franxa máis oriental das provincias de Lugo e Ourense, remitindo as formas recollidas a pezas de roupa utilizadas para cubrir a cabeza. A forma *capêlo* / *capèlo* (< lat. CAPPELLU ‘enfeite para a cabeza’) explícase en última instancia como un diminutivo do lat. CAPPÁ ‘protección para a cabeza’ (> galego, portugués e castelán *capa*). A alternancia entre vogal tónica aberta (constatada no galego estremeiro asturiano e leonés e en puntos illados de Galicia) e pechada ten distribución diatópica e pódese explicar como resultado da metafonía nominal. Pola súa banda, *capelexo* non é máis

ca un derivado diminutivo-despectivo creado a partir de *capêlo* / *capèlo*. Este último designa, ademais, un tipo de cogomelo con forma de paraugas que medra nos muros e na cortiza das árbores podres (GDXL, s.v. *capelo*).

Aínda que en GDXL e noutros dicionarios recentes se obvie a vinculación semántica entre *capêlo* / *capèlo* e *couselo*, esta está presente na maioría dos repertorios lexicográficos, sen iso excluír outras posíbeis acepcións dos termos que nos ocupan. Deste xeito, Elixio Rivas (DDG, s.v. *capelo*) achega outros significados, como “Clase de hierba mala, corredera, que crece especialmente entre las mieses; correhuela” xunto con “Ombligo de Venus, hierba crasulácea de muros y tejados viejos”. Este mesmo autor recolle o derivado *capelexos* como “Clase de hierba crasulácea que crece en muros viejos; ombligo de Venus”, acepción que rexistra na localidade mariñá de Viveiro.

O substantivo *capucho* debe proceder do termo italiano *cappuccio* que, ao igual ca o xa

¹ Non imos incluír no corpo do estudo as formas *calquizo*, *chopo* e *ouropeso* por non encontrarmos unha motivación clara canto á súa orixe como denominación do *umbilicus rupestris*, mais aínda así queremos ofrecer unhas breves notas a respecto destas tres voces. O substantivo *calquizo* significa propiamente ‘brión, mofo que medra nos lugares húmidos, no chan, na cortiza das árbores, etc.’ (GDXL, s.v. *calquizo*). Xa Elixio Rivas (DDG, s.v. *calquizo*) apuntou o significado “musgo, liquen”, que documentou no concello chairego de Vilalba. Precisamente en Vilalba é onde se aboa tamén a forma *calquizo* como nome da *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy*, dato excepcional que xa matiza o propio informante no momento da enquisa, e rexistrado no propio caderno do ALGa, ao ser consciente de que “é máis ben todo o que botan os tellados para arriba ou os muros”. Este feito parece evidenciar o descoñecemento do nome desta planta, circunstancia ante a que o informante reacciona achegando o nome daquela realidade máis próxima no seu imaxinario.

Segundo o GDXL, a forma *chopo* dálle nome á *Verbascum thapsus* L., mais tamén é denominación dada á *Digitalis purpurea* L. Esta distinción xa fora posta de relevo por Sarmiento, que distinguía entre *chopo blanco* ‘verbasco’ e *chopo negro* ‘croque, sanxoán’, poñendo deste xeito en relación a denominación co lat. *CLOCCA que nos remitiría á motivación do son onomatopeico. Mais, ao tratarse dunha nomenclatura propia ben do *Verbascum*, ben da *Digitalis purpurea* L., e só estar rexistrada no corpus nunha única ocasión, preferimos tratala de xeito independente, ao non estarmos seguros se detrás desta denominación está a actuar unha confluencia de denominacións –fenómeno ben representado no ámbito dialectolóxico– ou unha mera confusión do informante.

Canto á forma *ouropeso*, os nosos dicionarios diverxen de xeito notábel á hora de lle adscribiren esta denominación a unha planta en concreto, malia que en ningún deles aparece recollida esta forma como nome do *umbilicus rupestris*. Deste xeito, o GDXL (s.v. *ouropeso*) recolle o termo como nome popular da *Simethis mattiazzi*, mais xa con anterioridade Aníbal Otero e Constantino García (DDG, s.v. *ouropeso*) coincidiran en relacionar a forma *ouropeso* coa *Pubilaria bicolor*; *Kunth* (popularmente coñecida tamén como *purga de pobres* en zonas como Ribadavia) e, en datas máis recentes, Losada / Castro / Niño identifican o *ouropeso* coa *Simethis planifolia* (L.) *Gren*. Sexa como for, non son doadas de apreciar similitudes físicas que xustificquen a confusión entre o nome destas plantas e o do *umbilicus rupestris* (que, segundo o ALGa, só recibe o nome *ouropeso* na localidade ourensá de Vilariño de Conso), co cal quizais esteamos perante unha información defectuosa.

comentado *capelo* (< CAPPELLU), explícase como un diminutivo de CAPPa ‘cobertoira de cabeza’. Por unha redución de *capucho* podemos explicar a forma *pucho*, presente tamén nesta serie léxica que nos ocupa. Por último, o apelativo *sombreiro* pode entenderse sen maior dificultade como un derivado de *sombra* (< lat. UMBRA, con influencia do substantivo *sol*).

A explotación deste tipo de léxico para realidades do ámbito fitonímico non se reduce ao caso do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. O sintagma *gorro de sapo* no DDG (ao igual ca outros como *pan de lobo*, *pan de raposo* e *pan de sapo*) designa tamén un tipo de cogomelo definido por F. J. Rodríguez como “especie de hongo o bejín pequeno y blancuzco” (tamén coñecido como *carrote*, *cogorda*, *cho(u)pín*, *choupano*, *chouparro*, *choupiñeiro* ou *pan de cobra*). De feito, este significado é o que adoitan recoller con máis frecuencia os dicionarios galegos para a secuencia *gorro de sapo*, que só Leiras, Elixio Rivas e Losada / Castro / Niño identifican co *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. De todos os xeitos, é evidente a motivación metafórica destas denominacións baseadas nos lexemas *pucho*, *capurucho*, *gorro* e *sombreiro*, tanto para o caso do dito fungo (de nome científico *Macrolepiota procera* (Scop.) Singer) como para o do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy, pois en ambos os dous casos os falantes estableceron unha analoxía entre a feitura deses dous elementos e un sombrero ou pucho.

Non se trata dunha asociación exclusiva da área estudada, pois sabemos que en portugués o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy recibe denominacións baseadas nesa serie léxica, como *sombreiro-dos-telhados* ou *sombreiro-dos-telhados* (Houaiss, s.v. *sombreiro dos telhados*) e tamén as formas *capelo* e *chapeu dos telhados*². O mesmo que acontece na zona zamorana coas formas *gorro de las paredes*, *sombreiro*, *sombreiro de judío* (Esgueva Martínez / Llamas García 2005: 229), na zona leonesa: *sombreros*,

capelo, *capeleiso*, *gorros de sapo*, *gorretas de sapo*, *monteras*, *montericas* (Esgueva Martínez 2002: 222), en Aragón coa forma *sombrericos*³, no asturiano coas formas *sombreros* e *gorro de las paredes*⁴ ou no occitano con *capélèto*⁵ (posibelmente derivado de *capel* ‘sombreiro, chapeu’). Outro tanto pode dicirse a respecto do catalán, onde existen formas aboadas polo GDLC como *barretets* (diminutivo de *barret* ‘sombreiro’), *barralets*, *capells de paret*, *capells de teulada*, *capells de paret* (*capell* “Peça de vestir que serveix per a cobrir el cap, barret” < *CAPPELLU, diminutivo do lat. CAPPa) para nomear a planta en cuestión. De feito, algunhas desas voces designan ademais tipos de fungos, como ocorre con *barretet*, que lle dá nome á *Helvella crispa* (Scop.) Fr. Tamén en catalán pode apreciarse a confluencia entre a *Digitalis purpurea* L. e o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy no que se refire á súa denominación, pois a forma *barralet* é sinónimo de *calabruixa* (*Muscari neglectum* Guss.), de características externas moi similares ás da *Digitalis purpurea* L.

Canto á forma *caripoches* (aboadada unicamente na localidade ourensá da Mezquita), podería relacionarse cos substantivos *caripucha* ‘fungo parasito’ e *caripocha*, sinónimo de *carrabouxo*, *bugallo* ou *bullaca* entre outras, i. e., excrecencia do carballo e doutras árbores similares que ten forma de bóla recuberta de engurras e picos⁶. A etimoloxía quizais remita á raíz prerromana *KAR(R)- ‘pedra, dureza’, que gozou de certa rendibilidade fitonímica. Canto á presenza nos repertorios lexicográficos, a forma *caripoches* só aparece recollida por Elixio Rivas (DDG, s.v. *caripoches*), que dá a definición “Clase de planta”, sen entrar en maiores niveis de concreción.

Outras denominacións do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy vinculadas á familia léxica que nos ocupa son o italiano *capecchiolo* (que remite a un derivado diminutivo do lat. CAPPa) e o asturiano *gorros de las paredes*.

² Anthos, ibid.

³ Anthos, ibid.

⁴ Anthos, ibid.

⁵ Rolland, ibid.

⁶ Subxace unha vez máis a base *carapucha* / *caperuza* como o elemento motivador da súa designación.

3.2. CAMPANILLAS, CHINCHÍS, CROQUE(S), CRÓQUEL DO VALADO, CRÓQUELES, TIN- TILOTES

Unha terceira motivación que agrupa as denominacións recollidas para a devandita planta é a onomatopeica, a que fai referencia ao son ben ao da campá, ben dun posíbel tintineo ou ben relacionadas co son emitido polo chinchín.

Os dicionarios galegos recollen a voz *campaiña* (diminutivo do substantivo campá < lat. CAMPANA) como denominación de diferentes plantas, que reciben este nome pola forma característica das súas flores semellantes a pequenas campás. Entre esas plantas encóntranse varias convolvuláceas dos xéneros *Convulvus*, *Pomoea* e *Pharbitis*, así como a *Galanthus nivalis* L. A forma *campanillas*, resultante da interferencia do diminutivo castelán homónimo, aplícase ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy seguramente pola similitude entre as protuberancias do seu talo e unhas pequenas campás, aínda que tampouco se pode descartar unha confluencia de designacións entre estes distintos tipos de plantas. Neste sentido, hai que ter en conta que a forma *campanillas* aboouse no 2008 (concretamente na parroquia compostelá do Sar), circunstancia que nos obriga a relativizar o dato.

Canto a *chinchís*, só Aníbal Otero rexistra esta forma de plural en Baños de Molgas (o único punto onde recolle o termo o ALGa), mais Elixio Rivas aboa tamén a variante de singular chinchín e dáa como un dos nomes do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. Trátase da onomatopea dun paxaro, o pinzón, tamén coñecido efectivamente como *chinchín* (*Fringilla coelebs*).

Propiamente, as denominacións de *croque(s)*, *cróqueles*, *cróquel do valado* aplícanse á *Digitalis purpurea* L. Esta planta coñece no territorio galego outros moitos nomes, como *abeluría*, *baloca*, *baloco*, *borleta*, *dedaleira*, *dixital*, *estalote*, *estraloque*, *herba de San Xoán*, *microque*, *sanzoán* e *tróquele*. No tocante á etimoloxía de *croque* e as súas variantes, o padre Sarmiento suxerira posíbeis vinculacións con termos como o latín tardío *CLOCCA ‘choca, campá’ ou “acaso de *crochu* de los dedos, o del ruido” (é de supoñer que se refire ao ruído que producen as flores da planta ao seren estaladas). Sarmiento tamén

define *cróque* (sic) como “golpe, en especial en la cabeza”. É interesante sinalar máis unha vez a confluencia de designacións que se detecta entre a *Digitalis purpurea* L. e o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. De feito, cómpre lembrar que en sardo, e consultando o DLS, o termo *cocorói* designa a un vulto ou *croque* que sae na cabeza ao recibir un golpe, mais, ao mesmo tempo, e como xa vimos, *cocorói* é un dos nomes sardos para o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy, co cal asistimos a unha asociación de termos similar en certo xeito á que vimos de observar para o galego.

A forma *tintilotes*, ausente dos dicionarios galegos, rexístrase unicamente na localidade bergantiñá de Carballo. Esta voz poderíase retrotraer á mesma motivación do son, a un posíbel tintineo, aínda que Palacio Sánchez (1981: 345) considera fitonímicos algúns topónimos do concello lugués de Pantón que parecen conter alusións á cor de certas variedades de uva; entre eses topónimos atoparíanse os derivados do lat. TINCTA, procedente á súa vez do verbo TINGERE ‘tinguir, colorear’ e que talvez estea implicado na orixe do termo que nos ocupa. Deste xeito, cremos factíbel que a forma *tintilote(s)* se referise en orixe a unha planta como a *Digitalis purpurea* L. (coñecida en galego baixo formas como *estalotes*, *croques*, *microques*...), en virtude da cor escura que caracteriza a súa espiga ou incluso pola similitude entre as casulas desa espiga e un acio de uvas. A xulgar polos datos extraídos do ALGa, e como xa indicamos anteriormente, a confluencia de designacións entre as denominacións da *Digitalis purpurea* L. e as do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy é relativamente habitual (tal e como estamos comprobando ao longo do presente traballo), co cal non resultaría estraño que a forma *tintilote(s)* acabase por se lle aplicar a esta última.

3.3. ARROZ, CARACOIS / CARACOLES, CARAMELO, CHÍCARO, CHULETAS / COSTI- LLETAS

Unha cuarta vía motivacional para a creación das denominacións do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy en galego é a que parte das similitudes formais entre plantas dadas ben polas casulas do seu talo (*arroz*), ben polo talo en si mesmo (*caracois*, *caramelo*, *chicharo*).

Os dicionarios galegos non aboan o termo arroz (ár. *ar-ruzz*) como nome do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy, aplicación que as enquisas do ALGa soamente documentaron na localidade ourensá da Gudiña e que tamén se rexistra na zona zamorana (Esgueva Martínez / Llamas García 2005: 229). En portugués, Houaiss dá o sintagma *arroz-de-rato* como nome da planta *Sedum album* L., planta que tamén é coñecida en Portugal baixo as formas *couselo* e *couxilgo*, co cal observamos unha interesante confluencia nas denominacións da *Sedum album* L. e do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. A coincidencia nominal entre o arroz (*Oryza sativa* L.), o couselo (*Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy) e a *Sedum album* L. (coñecida en galego como *uvas de lagarto*, nome que o ALGa recolle en certas zonas de Galicia para o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy) pode explicarse pola existencia de similitudes formais entre estas tres plantas, similitudes que se centran especialmente na presenza de casulas no seu talo, ou ben no parecido entre as protuberancias do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy e o *Sedum album* L. coa semente do arroz⁷.

A forma *caracois/caracoles* relaciónase obviamente co zoónimo *caracol*. Como fitónimo, o único dos lexicógrafos galegos que recolleu o vocábulo foi Constantino García (“ombigo de Venus”). En época máis recente, Losada / Castro / Niño identifican o *caracol*⁸ co *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy, e aínda aboan o sintagma *trevo caracol* como denominación autóctona da *Medicago sativa* L. O GDXL (s.v. *caracol*) achega o significado “Planta da familia das crasuláceas (*Umbilicus pendulinus* DC.), de raíz vivaz, follas carnosas e flores amarelas en forma de pequenas espigas colgantes [danse nos muros e tellados e as súas follas utilízanse con finalidades emolientes]”, ao tempo que sinala as variantes *conchelo* e *couselo* como sinónimos da que nos ocupa.

Tamén se pode pensar que a motivación veña dada polas protuberancias que caracterizan o talo da planta, e que lembran en certo xeito un

conxunto de caracois dispostos ao longo dunha superficie vertical.

A forma *caramelo* é máis comunmente coñecida en galego co significado ‘anaco de xeo longo e aguzado’, acepción que parece derivar do lat. CALAMELLU(M), diminutivo de CALAMUS ‘cana, pauciño’. Con valor fitonímico unicamente a documenta Elixio Rivas, máis en concreto como constituínte do sintagma *caramelo brabo* (sic) que, segundo o autor, é unha denominación dada á *madreselva* na zona de Quiroga, na comarca do Courel. No ALGa atopamos *caramelo* como nome do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy en Monfero, e é probábel que esta aplicación específica do termo teña como explicación a forma da planta, que certamente pode evocar unha estalagmita de xeo.

Por último, o substantivo *chicharo*, procedente do lat. CICER, -ERIS ‘ervella’, designa en galego unha planta herbácea anual da familia das leguminosas, con froitos en casula que conteñen sementes redondeadas e comestíbeis. O seu nome científico é *Pisum sativum* L. Tamén é coñecido o *chicharo bravo* (nome científico *Lupinus albus* L.), planta herbácea que produce unhas sementes similares aos feixóns. Cremos factíbel que fose a relación con esta última planta (físicamente bastante similar ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy) a que motivou a aplicación da forma *chicharo* como nome do elemento que nos ocupa. Por outra banda, a denominación *chicharo* para o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy documéntase no Val do Dubra, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, mais nos repertorios lexicográficos galegos soamente Aníbal Otero deu conta deste feito, ao recoller a voz *chicharo* como sinónimo de *horro de sapo* (sic), que, tal e como vimos, encaixa dentro dunha serie máis ampla de denominacións do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy nucleada en torno aos lexemas *gorro*, *pucho* e *sombreiro*.

O substantivo *chuleta* procede do valenciano *xulleta*, á súa vez diminutivo de *xulla* ‘costela’. Pola súa banda, *costilleta* é un castelanismo explicábel como diminutivo de *costilla* (< lat.

⁶ No caso do *couselo* as campaiñas das flores, e no do *arroz-de-rato* as follas.

⁷ Para a motivación do uso de *caracol* como nome da planta, véxanse os comentarios a respecto de *conchelo* e variantes.

*COSTELLA). Ambas as dúas voces teñen como significado máis habitual o de ‘costela de vitela ou de porco, fritida ou asada’. Porén, a base léxica *costilla* presenta en castelán acepcións estritamente botánicas, tal e como pon de relevo María Moliner (s.v. *costilla*), que achega o significado “Línea saliente en la superficie de algo; por ejemplo, en botánica, en la superficie de los frutos o las hojas”. Nesta liña podería entenderse o uso dos apelativos *chuletas* e *costilletas* como nome da planta que nos ocupa, unha de cuxas características fisionómicas máis salientábeis son precisamente as protuberancias do seu talo (vid. *Caracoles*). Outra explicación sería a similitude até certo punto existente entre a forma das follas e a dunha costeleta, hipótese que nos permitiría integrar neste grupo de denominacións a portuguesa *bife*, cuxa acepción primaria é ‘bisté, tallada de carne de vacún’. Sexa como for, o sentido botánico de *chuletas* e *costilletas* atópase totalmente ausente dos dicionarios galegos.

3.4. PORQUIÑO, PUNTO, XILO

Outra das relacións subxacentes na nomenclatura do *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy* parece ser a que remite a certas pezas do muíño, quizais por ser un lugar onde, dadas as condicións de frío e humidade, a planta encontra un clima especialmente apropiado para subsistir, e tamén por remitir a un remate (ou cabeza) de ferro en referencia a algo que se coloca na parte superior (tapa), idea que suxire unha relación directa coa motivación ‘prenda para cubrir a cabeza’ xa comentada.

No primeiro caso é evidente que estamos perante un diminutivo do zoónimo *porco* (< lat. PORCU). A forma *porquiño* dálle nome, mediante unha metáfora de figuración animal bastante frecuente neste contexto, a unha parte do muíño⁹ que noutras zonas recibe denominacións como *xilo*, voz que, como veremos a continuación, tamén acabou utilizándose para nomear o *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy* (Rivas Quintas 1997: 307-308). Isto convida a pensar que *porquiño*, ao igual que *xilo*, foi empregado nun

primeiro momento en alusión a unha peza concreta propagándose posteriormente á planta en virtude da similitude física existente entre esas dúas realidades e a prenda para cubrir a cabeza, ou ben por ser un espazo propicio para encontrar este tipo de plantas.

Canto ao sintagma *herba do punto*, unha opción a ter en conta é a relación entre o dito sintagma aplicado ao *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy* e o substantivo *punto* ‘peza do muíño colocada encima da porqueta’, pois resulta doado de verificar a facilidade con que esta planta pode aparecer nomeada a través de voces alusivas a partes concretas do muíño. Mais, aínda así, e pola información que se nos fornece nas notas dos cadernos de recollida do ALGa, parece que esta designación do couselo vén motivada polo uso desta planta no preparado medicinal que se tomaba cando se adoecía dun punto no costado.

Canto á información lexicográfica, soamente Sobreira recolle o sintagma *herba do ponto* ou *herba punteyra* (sic), que el identifica coa mesma planta que recolle noutras zonas baixo as denominacións *herba piñeyra* ou *cepeyra*, i.e., a *Sedum anglicum* Huds., que Marcial Valladares definiu no seu momento como “Planta anual vulgarísima, perteneciente á la familia de las crasuláceas de Decandolle. Crece sobre los peñascos, en los setos, muros viejos, etc.: florece de junio á setiembre y su flor consta de seis pétalos blancos, aguzados, con una línea roja en la quilla”. Por tanto, cremos posíbel que a denominación *herba do punto* (que o ALGa unicamente aboa no concello chairego de Xermade) se lle aplicase ao *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy* por confluencia coa denominación da *Sedum anglicum* Huds.

Por último, a voz *xilo* dálle nome a unha parte do muíño consistente nunha arandela de metal na que xira o eixo. Así o certifica Eladio Rodríguez cando define o termo como “parte superior del eje del molino, por donde encaja la *nabija* (*segorella*)”. Este elemento recibe ao longo do territorio galegófono, tal e como recolle Rivas (1997: 306), outras denominacións

⁹ É significativo que, en portugués, esta parte en concreto sexa coñecida como *bácoro*, cuxo significado primario, como é ben sabido, non é outro que ‘porco pequeno, leitón’.

como *gorro* (Guitiriz), *garrete* (Sarria, Paradelá, Guntín, Chantada, Samos, Oourol, Courel...), *ghorro* (Friol, As Negradas), *testo* (Paradela), *capucho* (Calvelo de Lamamá), *gorrón* (Ardia, Ogrove, Quintáns, Salnés), *gorro*, *gorriois* e *broncera* (Taramundi). Na zona asturiana de Cabrales chámasele *gorro de husu*, mentres que no Bierzo recibe a denominación xenérica de *gorro*, para o torno e para a parte superior. A utilización de lexemas como *gorro* ou *capucho* na nomenclatura desta parte do muíño resulta de interese, pois son termos que reaparecen para darlle nome ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy (p. ex. *gorro do sapo*, *pucho do sapo*, *pucho*, *sombreiro do sapo*...), e que parecen apuntar cara a unha motivación debida en ambos os dous casos a certas similitudes formais compartidas polo *sombreiro*, a planta e esa peza concreta do muíño.

4. CABO

Como ben se puido comprobar ao longo deste traballo, a motivación dunha cantidade importante das formas analizadas débese a características físicas da propia planta, e máis en concreto á forma da espiga e/ou das follas. Por tanto, son estes dous constituíntes os que xeraron de xeito directo ou indirecto as diversas e abondosas denominacións atestadas tanto no dominio galegófono como no resto de variedades románicas, e incluso en linguas xermánicas como o inglés e o alemán. Por tanto, da nosa contribución despréndese a existencia dunhas tendencias relativamente sólidas no tocante á

motivación e que actuaron como xeradoras das múltiples denominacións do *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy.

Malia que a forma *embigo* parece estar presente sempre nalgunha das denominacións da *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy dunha boa parte das linguas cotexadas, resulta evidente que a motivación máis produtiva e representativa no caso galego é a que relaciona a forma da planta coa do cáliz, motivación presente ademais noutras linguas da contorna como no caso leonés, portugués, español, francés, italiano, etc. Seguida, cuantitativamente, da motivación ‘peza de roupa para cubrir a cabeza’ tamén presente, como se viu ao longo do artigo, noutras áreas románicas. Ademais a este segundo grupo poderíamos sumar os resultados da motivación ‘peza do muíño’ por remitiren, cando menos de xeito secundario, á mesma interpretación. E por último, ofrecendo un menor rendemento, estaría a motivación onomatopeica.

Por outra banda, chama a atención a existencia de bastantes casos de confluencia nas denominacións entre o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy e outras plantas máis ou menos similares nos seus trazos externos. Esa converxencia nominal faise especialmente patente no referente á *Digitalis purpurea* L., e obsérvase na utilización de denominacións desta planta para darlle nome ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy así como na aparición de novas formas explicábeis polo cruzamento de dúas denominacións distintas, como *crouquelo* e similares.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa VI = FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.) (no prelo): *Atlas Lingüístico Galego: Léxico: Terra. Plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ANTHOS: *Sistema de información sobre las plantas de España* (<http://www.anthos.es/>).
- DDG = SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios* [versión 3]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DLS = CARBONI, Mariu (cord.) (2000-2010): *Ditzionàriu de sa limba sarda*. Cagliari: Edizioni Condaghes (www.ditzionariu.org).
- ESGUEVA MARTÍNEZ, Manuel (2002³): *Las plantas silvestres en León. Estudio de dialectología lingüística*. Madrid: UNED.
- ESGUEVA MARTÍNEZ, Manuel / FÉLIX LLAMAS GARCÍA (2005): *El léxico de la flora silvestre en Zamora. Fitonimia y dialectología*. Madrid: Veleció-Editores.
- GDLC = GIRALT i RADIGALES, Jesús (dir.) (2004): *Gran diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.

- GDXL = CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- HOUAISS, Antônio *et alii* (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- IEW = POKORNY, Julius (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Bern: Francke Verlag.
- MOLINER, María (2007): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.
- PALACIO SÁNCHEZ, Xosé Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade (Tese de Doutoramento inédita).
- RIVAS QUINTAS, Eligio (1997): *O Muíño: Léxico rural do noroeste hispano*. Ourense: Grafo Dos, D.L.